

# Incluir elementos H5P

Entre as actividades que podes incluír nun curso da aula virtual, atoparas os chamados CONTIDOS INTERACTIVOS H5P. Estes son elementos interactivos cun aparencia enriquecido.

No EVA-Edixgal non aparecen do mesmo xeito, senón que están encadrados na denominada “ferramenta de autor”.

Poderás crear directamente elementos H5P na propia aula virtual ou “engadir” aqueles que xa teñas creados na web [www.h5p.org](http://www.h5p.org).


Tes a opción ben de crear directamente os diferentes elementos H5P ou “subir algún xa creado que teñas descargado de internet”, na opción “upload”

## ENGADIR UN ELEMENTO INTERACTIVO “H5P”

Deberás seguir o mesmo procedemento que para engadir calquera outra actividade ou recurso:

1. Accede ó curso e preme o botón “Activar edición”
2. Escolle “engadir actividade e recurso”
3. Escolle “H5P INTERACTIVE CONTENT”

Unha vez dentro poderás indicar “opcionalmente” unha descrición que se amose no tema en cuestión do teu curso, e comezar a engadir algún dos elementos interactivos dispoñibles.



**SE NON APARECE NINGÚN DESTES ELEMENTOS INTERACTIVOS, É DEBIDO A QUE NON ESTÁN CORRECTAMENTE CONFIGURADOS OS ROLES DE SISTEMA, PARA OS CREADORES DE CURSOS, POR PARTE DO ADMINISTRADOR. CONSULTA O SEGUINTE PUNTO PARA SOLUCIONALO.**


## Configurar os permisos do rol “Creador de cursos” para poder usar H5P. (SÓ ADMINISTRADOR)

Este apartado só se refire ós casos non que non vexas aparecer os diferentes elementos H5P antes sinalados.

Se os ves aparecer pasa ó seguinte punto posto que xa está todo correctamente configurado

No caso de que non vexas aparecer os diferentes elementos interactivos H5P (tal como se sinalou anteriormente), debes solicitar ó administrador da aula virtual que active correctamente os permisos para o rol “creador de cursos”.


O administrador deberá seguir esta ruta: administración do sitio > características avanzadas > definir roles



The screenshot shows the Moodle administration interface. On the left, the 'ADMINISTRACIÓN' menu is expanded, and 'Definir roles' is highlighted with a red arrow. On the right, a table lists various roles. The 'Creador de cursos' role is highlighted with a red circle around its 'Editar' column, which contains a gear icon.

| Rol                 | Descrición  | Nome curto        | Editar  |
|---------------------|---|-------------------|---------|
| Manager             | Managers can access course and modify them, they usually do not participate in courses.           | manager           | ⬇ ⬆ ⚙   |
| Creador de cursos   | Os creadores de cursos poden crear novos cursos e tarefas.  | creador_de_cursos | ⬆ ⬇ ⬆ ⚙ |
| Teacher             | Teachers can do anything within a course, including changing the activities and grading students. | editingteacher    | ⬆ ⬇ ⬆ ⚙ |
| Non-editing teacher | Non-editing teachers can teach in courses and grade students, but may not alter activities.       | teacher           | ⬆ ⬇ ⬆ ⚙ |
| Student             | Students generally have less privileges within a course.  | student           | ⬆ ⬇ ⬆ ⚙ |
| Guest               | Guests have minimal privileges and usually can not enter text anywhere.                           | guest             | ⬆ ⬇ ⬆ ⚙ |
| Authenticated user  | All logged in users.  | user              | ⬆ ⬇ ⬆ ⚙ |
| Inspección          | Rol para o acceso do/a inspector/a á aula virtual do centro.                                      | inspeccion        | ⬆ ⬇ ⬆ ⚙ |

E unha vez alí, no rol “creador de cursos” activar estas opcións.




The screenshot shows the Moodle user permissions page for the 'Creador de cursos' role. A red box highlights the H5P-related permissions, which are all set to 'Permitir' (Allow).

| Actividade                         | Permisión | Estado |
|------------------------------------|-----------|--------|
| Actividade: Game                   | Permitir  | ⚠      |
| Actividade: GeoGebra               | Permitir  | ⚠      |
| Actividade: Glosario               | Permitir  | ⚠      |
| Actividade: Exame Hot Potatoes     | Permitir  | ⚠      |
| Actividade: H5P                    | Permitir  | ⚠ ⚠    |
| Actividade: Paquete de contido IMS | Permitir  | ⚠      |
| Actividade: JClic                  | Permitir  | ⚠      |
| Actividade: Journal                | Permitir  | ⚠      |


Cando entremos podemos atoparnos con que os elementos teñan diferentes “estados”:

- Que xa estean instalados e listos para usarse (é dicir que xa foron usados antes por alguén na aula virtual) – Aparecerá o botón “DETAILS”
- Que sexa necesario instalalos porque ninguén os empregou aínda na aula virtual – Aparecerá un botón GET > e unha vez dentro INSTALL. Deste xeito instalaremos o elemento e xa poderá ser usado por calquera na aula virtual. Este paso só se fai unha vez e é posible que non teñas que facelo en ningún caso, se xa foron instalados algunha vez os elementos.



The screenshot shows two H5P element options in a list. The first option is 'Interactive Video', which includes the description 'Create videos enriched with interactions' and a blue 'Details' button. The second option is 'Course Presentation', which includes the description 'Create a presentation with interactive slides' and a blue button with a downward arrow and the text 'Get'.


## Elementos H5P que podemos engadir:



This is a single H5P element selection card for 'Interactive Video'. It features an icon of a hand pointing at a screen, the title 'Interactive Video', the description 'Create videos enriched with interactions', and a blue 'Details' button.

**Os VÍDEOS INTERACTIVOS permiten amosar diferentes “elementos” cos que ó alumno pode interactuar, a medida que se reproduce un vídeo.**

Exemplo: <https://h5p.org/interactive-video>




This is a single H5P element selection card for 'Accordion'. It features an icon of a list with expandable items, the title 'Accordion', the description 'Create vertically stacked expandable items', and a blue 'Details' button.

**“Accordion” permite amosar contidos que se despregan a modo de “acordeón”.**

Neste caso deberemos indicar para “cada panel” un título, e un texto que se amosará cando se prema sobre el, a modo de acordeón.


Exemplo: <https://h5p.org/accordion>



**“Arithmetic Quiz” crea “automáticamente” operacións aritméticas ou ecuacións, do tipo que se indique (suma, resta...), que o alumno terá que resolver.**


Tan só tes que indicar un título (que se verá no tema), un texto de introdución, se son operacións aritméticas ou ecuacións, que tipo de operacións queres, cantas operacións ten que xerar e se queredes, en que idioma (en translations)

Exemplo: <https://h5p.org/arithmetic-quiz>




**Permite amosar gráficos (barras, tarta...) cos datos introducidos.**

Exemplo: <https://h5p.org/chart>




**Permite amosar varias imaxes a modo de “collage” usando diferentes organizacións e tamaños.**

Exemplo: <https://h5p.org/collage>



**Coas “Dialog Cards” podes amosar diferentes tarxetas nas que se amosa un contido (texto, vídeo, imaxe...) nun dos lados, e cando se volta amósase un novo contido (texto, vídeo, imaxe)**

Exemplo: <https://h5p.org/dialog-cards>




**Documentation Tool**  
Create a form wizard with text export

[Details](#)

**“Permite crear plans de traballo” organizados por fases.**

Exemplo: <https://h5p.org/documentation-tool>




**Drag and Drop**  
Create drag and drop tasks with images

[Details](#)

**Permite “arrastrar palabras” sobre unha imaxe no lugar correcto.**

Exemplo: <https://h5p.org/drag-and-drop>




**Drag the Words**  
Create text-based drag and drop tasks

[Details](#)

**Completa un texto arrastrando palabras ós ocos**

Exemplo: <https://h5p.org/drag-the-words>



**Fill in the Blanks**  
Create a task with missing words in a text

[Details](#)

**Completa textos escribindo nos ocos que quedan en branco:**

Exemplo: <https://h5p.org/fill-in-the-blanks>



### Find the Hotspot

Create image hotspots for users to find

Details

**Permite marcar “unha zona activa” sobre unha imaxe, e deberán facer click nesa zona en concreto para poder “acertar”.**

Exemplo: <https://h5p.org/image-hotspot-question>



### Image Hotspots ↻ Update available

Create an image with multiple info hotspots

Details

**Permite marcar “varias zonas activas” sobre unha imaxe, e deberán facer click nesas zonas en concreto para poder “acertar”.**

Exemplo: <https://h5p.org/find-multiple-hotspots>



### Guess the Answer

Create an image with a question and answer

Details

**Amosa unha imaxe cun botón no que, ó premelo, se amosa unha frase.**

Exemplo: <https://h5p.org/guess-the-answer>



### Iframe Embedder

Embed from a url or a set of files

Details

**Carga unha páxina web dentro dun “contenedor” (iframe)**



### Mark the Words

Create a task where users highlight words

Details

**Dado un texto, o alumno/a ten que facer click sobre as palabras que sigan o criterio que se sinala.**

Exemplo: <https://h5p.org/mark-the-words>



### Memory Game

Create the classic image pairing game

Details

**Permite crear xogos de memoria (Memory), a partir das imaxes que se suban.**

Exemplo: <https://h5p.org/memory-game>



### Multiple Choice

Create flexible multiple choice questions

Details

**Ante unha pregunta ten que escoller unha ou máis respostas correctas.**

Exemplo: <https://h5p.org/multichoice>



### Single Choice Set

Create questions with one correct answer

Details

**Ante unha pregunta ten que escoller a única resposta correcta.**

Exemplo: <https://h5p.org/single-choice-set>



### Timeline

Create a timeline of events with multimedia

Details

**Amosa unha liña do tempo interactiva, cos elementos introducidos previamente.**

Exemplo: <https://h5p.org/timeline>



### True/False Question

Create True/False questions

Details

**Ante unha pregunta hai que responder verdadeiro ou falso**

Exemplo: <https://h5p.org/true-false>



### Audio

Upload an audio recording

Details

**O alumno grava un audio, seguindo as indicacións do mestre/a, quen recibe dita gravación.**

Exemplo: <https://h5p.org/audio-recorder>



### Agamotto (Image Blender)

Present a sequence of images and explanations

Details

**Sobre unha imaxe, poden ir amosándose, arrastrando a barra inferior, diferentes capas superpostas.**

Exemplo: <https://h5p.org/content-types/agamotto>



### Flashcards

Create stylish and modern flashcards

Details

**Amosa diferentes tarxetas con preguntas, nas que ten que indicar a resposta correcta.**



Exemplo: <https://h5p.org/flashcards>



### Image Slider

Easily create an Image Slider

Details

**Presenta diferentes imaxes que se desplazan horizontalmente ante o click do rato.**

Exemplo: <https://h5p.org/image-slider>



### Dictation

Create a dictation with instant feedback

Details

**Crea un dictado interactivo, subindo un ou varios audios, que o alumno/a ten que escribir na caixa de texto indicada.**

Exemplo: <https://h5p.org/dictation>

## AMOSANDO OS DIFERENTES ELEMENTOS DE FORMA CONXUNTA:

Os diferentes elementos interactivos non teñen porque amosarse de modo "independente" uns dos outros, senón que podes "xuntalos" dentro outro elementos que os conteñen. De modo que se poida organizar un contido "máis atractivo" combinándoos:

De seguido veremos os elementos que permiten "mesturar" os elementos sinalados ata o de agora:



### Column

Organize H5P content into a column layout


Details

**Con COLUMN podes "amosar nunha ou varias páxinas", os elementos, dos que existen en H5P, que elixas.**

Tan só tes que ir escollendo o tipo de “contido” que queres engadir e premer “add content” para engadir tanto contidos (elementos) diferentes como queiras.

Neste caso os elementos aparecerán uns debaixo dos outros nunha ou en varias páxinas.

Exemplo: <https://h5p.org/column>



**Course Presentation**  
Create a presentation with interactive slides


Details

**Con Course Presentation podes “a modo de diapositiva”, os elementos, dos que existen en H5p, que elixas.**

Tan só tes que ir escollendo o tipo de “contido” que queres engadir na barra superior e ir situándoos na diapositiva que queiras, e no lugar que che pareza para ir dándolle forma.

Neste caso os elementos, na disposición que elixas, aparecerán en diferentes diapositivas.

Exemplo: <https://h5p.org/presentation>



**Interactive Book**  
Create small courses, books and tests

Details

**Con Interactive Book podes crear “a modo de libro organizado por capítulos”, os elementos, dos que existen en H5p, que elixas.**

Tan só tes que ir escollendo o tipo de “contido” que queres engadir na barra superior e ir situándoos na diapositiva que queiras, e no lugar que che pareza para ir dándolle forma.

Neste caso os elementos, na disposición que elixas, aparecerán en diferentes capítulos.

Exemplo: <https://h5p.org/content-types/interactive-book>

**No apartado CUALIFICACIÓN do curso da aula virtual, podes atopar as respostas que deixaron os alumnos/as do curso, nos diferentes elementos H5P que se engadise no curso.**